

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200800009034
2008-04-29 13:03

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o día 28 de abril de 2008, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- \* Aprobación da modificación das normas de xestión académica.
- \* Aprobación das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
- \* Aprobación da proposta de calendario escolar de primeiro e segundo ciclo para o curso académico 2008/2009.
- \* Aprobación da proposta de calendario escolar de estudos oficiais de grao e posgrao para o curso académico 2008/2009.
- \* Aprobación das propostas de títulos de grao coa adscrición ao centro ou centros da Universidade e composición das xuntas de titulacións.
- \* Aprobación da Memoria 2007 da Oficina de I+D.
- \* Nomeamento de David Casado Neira como Delegado da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.
- \* Designación como representantes da Universidade no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. de Dna. Esther Mª González Pillado e Dna. Ana Fernández Pulpeiro.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa.
- \* Aprobación da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso académico 2008-2009.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Coruña para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia – Convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación Impulsora do Plan Ferrol, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o fomento da creatividade aplicada – Convenio de colaboración coa Universidade Complutense de Madrid para acceder as convocatorias do Real Colexio Complutense – Acordo de colaboración coas universidades de Oviedo, Illes Balears, Alacante, Girona, Rovira y Virgili, Zaragoza, La Laguna, Sevilla, Málaga, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona e Valencia para constituír una rede universitaria para a cooperación no proceso de adaptación ao espazo europeo de educación superior no ámbito dos estudos oficiais de posgrao – Convenio específico de colaboración co Instituto Profesional La Araucana (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Escola de Administración e Mercadotecnia-EAM (Colombia) – Acordo Institucional de Cooperación co Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores de Monterrey (México) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras – Convenio específico de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras para o intercambio de estudantes.
- \* Foron elixidos os seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno:
  - D. Federico Pérez Mato – Comisión de Organización Académica e Profesorado.
  - Dna. Laura López Atrio – Comisión de Investigación.
  - Dna. Margarita Castejón García – Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes.

Vigo, 29 de abril de 2008  
Secretaría Xeral



Esther Mª González Pillado



SRES/AS. DECANOS/AS-DIRECTORES/AS DE TODOS OS CENTROS  
SRES/AS. DIRECTORES DE TODOS OS DEPARTAMENTOS